**Expediente núm.:** 265/2020
**Acta de 1º exercicio da Fase de Oposición**
**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

## ACTA VALORACIÓN 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Reunidos na Casa Consistorial, o 8 de marzo de 2021, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo de estabilización de Auxiliar de Intervención, son:

| Cargo | Identidade |
|---|---|
| Presidente | Ana María Ocampo Pérez Gorostiaga |
| Secretario | Antonio Mosquera Rodríguez |
| Vogal | M.ª Ermitas Sánchez González |
| Vogal | María Isabel Novo López |
| Vogal | María Teresa Alcalde Valle |

Visto que na cláusula oitava das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará un cuestionario tipo test de 30 preguntas sobre os contidos do temario relacionado no Anexo II das bases, procédese á elaboración de dita proba. Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe:

### "*AUXILIAR DE INTERVENCIÓN*

**1.- No nomeamento do Presidente do Goberno, segundo o art. 99.3 da C.E., o candidato obtén a confianza da Cámara:**

**a) Se o Congreso dos Deputados, polo voto da maioría absoluta dos seus membros, outorgara a súa confianza a dito candidato, o Rei nomearao Presidente. De non acadarse a dita maioría, someterase a mesma proposta a nova votación corenta e oito horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple.**
b) A a) é correcta, pero se non se acada a maioría absoluta sometese a nova votación vinte e catro horas despois da anterior e a confianza entenderase outorgada por maioría simple.
c) Se o senado outorga a confianza por maioría absoluta

**2.- De acordo coa Lei 39/2015, o prazo para a interposición do recurso de alzada será de:**
a) 3 meses, se o acto fora expreso
**b) 1 mes, se o acto fora expreso**
c) 2 meses, se o acto fora expreso

**3.- De acordo coa Lei 39/2015, son actos anulables**
a) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición
**b) Os actos da Administración que incorran en desviación de poder**
c) Os que teñan contido imposible

**4.- Cal das seguintes entidades non ten a consideración de Entidade Local?**
**a) Xuntas Municipais de Distrito**
b) Mancomunidade de Municipios
c) Provincia

**5.- Os Concellos deben aprobar a revisión dos seus Padróns Municipais:**

a) En ningún caso

b) Semestralmente

**c) Con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano**

**6.- A quén corresponde a formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón Municipal?**

**a) Ao concello de acordo co que estableza a lexislación do Estado**

b) Á Comunidade Autónoma

c) Ao Estado

**7.- De acordo co artigo 70 da Lei Bases de Réxime Local son públicas..**

a) As sesións da comisión de goberno

b) As sesións das comisións informativas

**c) As sesións do Pleno das Corporacións Locais**

**8.- Cal das seguintes competencias do Pleno non é delegable na Xunta de Goberno Local?**

a) Exercicio de accións xudiciais e administrativas

b) Declaración de lesividade dos actos do Concello

**c) Alteración do termo municipal**

**9.- A proposta que se somete directamente ao coñecemento do Pleno, por escrito ou oralmente, é:**

a) Unha Emenda

b) Unha Proposición

**c) Unha Moción**

**10.- O secretario custodiará os Libros de Actas, baixo a súa responsabilidade, na Casa Consistorial**

a) E consentirá que saia da mesma, só baixo requirimento de autoridades de calquera orde.

**b) E non consentirá que saia da mesma baixo ningún pretexto.**

c) O secretario non custodia os Libros de Actas

**11.- Cánto tempo, como mínimo, debe transcorrer entre a convocatoria dunha sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local e a súa celebración?**

a) Doce horas

**b) Vinte e catro horas**

c) Corenta e oito horas

**12.- No Pleno extraordinario de carácter urxente, o primeiro punto da orde do día será:**

a) Aprobar a orde do día de dito Pleno

**b) O pronunciamento do Pleno sobre a urxencia**

c) Aprobar o acta da sesión anterior

**13.- Cál é a finalidade do "visto e prace" do Presidente da Corporación nunha certificación?**

a) Que o Presidente da Corporación acepta o contido da certificación

b) Evitar que a certificación teña efectos invalidantes

**c) Que o Secretario que a expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa firma é auténtica**

**14.- Qué tipo de retribucións perciben os funcionarios?**

a) Básicas

**b) Básicas e complementarias**

c) Básicas e adicionais

**15.- É de carácter obrigatorio o seu establecemento e exixencia, para os concellos, o imposto sobre:**

a) O Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana
b) Circulación de vehículos
**c) Vehículos de Tracción Mecánica**

**16.- Qué fases da execución do gasto se poden acumular nun só acto administrativo?**

a) Autorización, disposición e compromiso
**b) Autorización, disposición e recoñecemento da obriga**
c) Autorización, disposición e ordenación do pago

**17.- Cal é o órgano encargado do control interno da actividade económico-financeira das Entidades Locais e os seus entes dependentes?**

a) O alcalde
b) O Tribunal de Contas
**c) O interventor ou secretario – interventor**

**18.- Ao exercicio orzamentario, que coincidirá co ano natural, se imputaran:**

a) Os dereitos e obrigas recoñecidos no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven
b) Os dereitos e obrigas liquidados e recoñecidos no exercicio e que deriven de dito período
**c) Os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período de que deriven; e as obrigas recoñecidas durante o exercicio**

**19.- Onde deben incluírse os gastos de funcionamento dos servizos?**

**a) Nos créditos para gasto corrente**
b) Nos créditos para gasto de capital
c) Nas transferencias de capital

**20.- A clasificación económica do estado de gastos do orzamento pode desenvolverse en:**

a) Capítulo, articulo, concepto, nivel e partida
b) Capitulo, articulo, concepto, subconcepto e nivel
**c) Capitulo, articulo, concepto, subconcepto e partida**

**21.- Cal é o prazo de exposición pública do orzamento aprobado provisionalmente?**

a) Un mes
b) Trinta días hábiles
**c) Quince días hábiles**

**22.- Cal das seguintes operacións non é considerada unha modificación de crédito?**

**a) Retención de crédito**
b) Ampliación de crédito
c) Crédito extraordinario

**23.- As Entidades Locais deberán confeccionar a liquidación do seu Orzamento antes do:**

a) Primeiro de febreiro do exercicio seguinte
**b) Primeiro de marzo do exercicio seguinte**
c) Primeiro de abril do exercicio seguinte

**24.- A quén corresponde a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local**

a) Ao Pleno, previo informe da intervención
**b) Ao Presidente, previo informe da intervención**
c) Ao Presidente, previo informe da tesourería

**25.- A xeración de crédito consiste nun incremento do crédito inicial motivado por:**

a) Un ingreso de natureza tributaria

**b) Un ingreso de natureza non tributaria**

c) Un ingreso de natureza impositiva

**26.-A casa consistorial é un ben de:**

**a) Servizo público**

b) Uso público

c) As dúas son correctas

**27.- O Regulamento de Bens das corporacións Locais foi aprobado por Real Decreto número:**

a) 1390/1986, de 20 de xullo

**b) 1372/1986, de 13 de xuño**

c) 1150/1982, de 2 de abril

**28.- De acordo co artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, consideraranse contratos menores:**

a) Aqueles cuxo orzamento de licitación sexa inferior a 40.000 euros cando se trate de contratos de obras.

b) Aqueles cuxo orzamento de licitación sexa inferior a 50.000 euros cando se trate de contrato de obras

**c) Aqueles cuxo valor estimado sexa inferior a 40.000 euros cando se trate de contratos de obras ou de 15.000 euros cando se trate de contratos de subministros ou servizos.**

**29.- A aparición do símbolo ##### nunha cela Excel significa que:**

a) Se utiliza un nome que Excel non recoñece

b) Excel non pode calcular os valores introducidos

**c) O ancho da columna non é suficiente para mostrar o contido**

**30.- Qué fai a expresión "=SUMA(C2;D3:E4)" ?**

a) Suma o contido de C2 co resultado de dividir D3 entre E4.

b) Suma o contido das 3 celas mencionadas.

**c) Suma o contido da cela C2 co contido do rango D3:E4.**

RESERVAS:

**31.- Durante que prazo se debe dar publicidade ao acordo de aprobación provisional das Ordenanzas Fiscais municipais?**

a) Trinta días como máximo

b)Trinta días

**c) Trinta días como mínimo**

**32.- O conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal constitúe,**

a) O municipio

b) A poboación

**c) A poboación do municipio**

**33.- Co "D2:F5" estámonos a referir:**

a) Á división entre o contido da cela D2 e o da F5.

b) Ás celas D2 y F5.

**c) Ao rango que comeza en D2 e remata en F5."**

Ás 11:15 os membros do tribunal dirixense ó pavillón de Ponte Arcediago, donde estaban citados os aspirantes. Procédese a identificar a todos os/as candidados/as asistentes (un total de 13 asistentes) e faise entrega para que asinen nunha "Declaración Responsable Covid-19". Unha vez todos sentados faise entrega do examen, dando 40 minutos para a realización da proba tal e como se indican nas bases.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións:

| DNI | Identidade do Aspirante | NP | Acertos | Erros | Puntuación Obtida |
|---|---|---|---|---|---|
| 7*4*3*4** | ALEJANDRO JOSE BADAS RODRIGUEZ | X | | | |
| 5*3*1*8** | DANIEL DOCAMPO ROBLES | X | | | |
| 3*1*0*3** | DIANA CORTIZO FERNANDEZ | | 27 | 3 | 54 |
| 3*7*2*4** | ELVIRA PINAL MOREIRA | | 20 | 10 | 40 |
| 3*4*2*2** | GABRIEL ROMÁN RADÍO | | 19 | 11 | 38 |
| 5*3*3*7** | GRACIELA MUÑIZ GARCIA | | 21 | 9 | 42 |
| 4*4*0*1** | JOSE MANUEL PIÑEIRO COUTO | X | | | |
| 7*9*7*1** | JUAN RAMON HERMO SANCHEZ | X | | | |
| 5*3*3*7** | LUIS RODRIGUEZ FERO | | 24 | 6 | 48 |
| 3*5*2*3** | MARIA BEGOÑA LOPEZ MARTINEZ | X | | | |
| 4*8*8*0** | MARIA JESUS RIVAS MOSCOSO | | 27 | 3 | 54 |
| 3*1*8*3** | MARIA JOSE DACOSTA ARGIBAY | | 18 | 12 | 36 |
| 3*3*6*2** | MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS | X | | | |
| 7*4*8*8** | NEREA GONDAR VILLANUEVA | X | | | |
| 7*8*2*3** | NOELIA GESTAL RODRIGUEZ | | 25 | 5 | 50 |
| 7*3*0*7** | PLACIDA SIEIRA MARTINEZ | X | | | |
| 7*5*1*0** | RAQUEL ARMESTO LOPEZ | | 24 | 6 | 48 |
| 4*0*0*4** | ROSALIA SEIJAS TUÑAS | | 23 | 7 | 46 |
| 7*8*3*9** | SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ | | 18 | 12 | 36 |
| 4*8*8*7** | TANIA FUENTES VIEITES | | 24 | 6 | 48 |
| 7*3*7*9** | XESUS MANUEL RIOS PENA | X | | | |
| 3*8*6*9** | ALFONSO SANCHEZ GARCIA | X | | | |
| 4*4*4*7** | JESUS GONZALEZ GONZALEZ | | 25 | 5 | 50 |
| 4*3*5*4** | LIDIA ISABEL PRESA GARCIA | X | | | |

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, ratificase a puntuación dada.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos, quedan coa seguinte puntuación:

| DNI | Identidade do Aspirante | Fase Concurso | Fase Oposición | Puntuación Obtida |
|---|---|---|---|---|
| 7*4*3*4** | ALEJANDRO JOSE BADAS RODRIGUEZ | 2 | NP | -- |
| 5*3*1*8** | DANIEL DOCAMPO ROBLES | 2 | NP | -- |
| 3*1*0*3** | DIANA CORTIZO FERNANDEZ | 2 | 54 | 56 |
| 3*7*2*4** | ELVIRA PINAL MOREIRA | 5 | 40 | 45 |
| 3*4*2*2** | GABRIEL ROMÁN RADÍO | 0,80 | 38 | 38,80 |
| 5*3*3*7** | GRACIELA MUÑIZ GARCIA | 2 | 42 | 44 |
| 4*4*0*1** | JOSE MANUEL PIÑEIRO COUTO | 5 | NP | -- |
| 7*9*7*1** | JUAN RAMON HERMO SANCHEZ | 0 | NP | -- |
| 5*3*3*7** | LUIS RODRIGUEZ FERO | 5 | 48 | 53 |
| 3*5*2*3** | MARIA BEGOÑA LOPEZ MARTINEZ | 2 | NP | -- |
| 4*8*8*0** | MARIA JESUS RIVAS MOSCOSO | 37 | 54 | 91 |
| 3*1*8*3** | MARIA JOSE DACOSTA ARGIBAY | 2 | 36 | 38 |
| 3*3*6*2** | MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS | 2,40 | NP | -- |
| 7*4*8*8** | NEREA GONDAR VILLANUEVA | 2 | NP | -- |
| 7*8*2*3** | NOELIA GESTAL RODRIGUEZ | 1 | 50 | 51 |
| 7*3*0*7** | PLACIDA SIEIRA MARTINEZ | 2 | NP | -- |
| 7*5*1*0** | RAQUEL ARMESTO LOPEZ | 2,40 | 48 | 50,40 |
| 4*0*0*4** | ROSALIA SEIJAS TUÑAS | 1,20 | 46 | 47,20 |
| 7*8*3*9** | SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ | 1,10 | 36 | 37,10 |
| 4*8*8*7** | TANIA FUENTES VIEITES | 1,50 | 48 | 49,50 |
| 7*3*7*9** | XESUS MANUEL RIOS PENA | 1 | NP | -- |
| 3*8*6*9** | ALFONSO SANCHEZ GARCIA | 2 | NP | -- |
| 4*4*4*7** | JESUS GONZALEZ GONZALEZ | 2 | 50 | 52 |
| 4*3*5*4** | LIDIA ISABEL PRESA GARCIA | 0,80 | NP | -- |

Visto que na cláusula 8.2.2. das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará unha proba de galego ós aspirantes que non acrediten estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente, á vista de que a aspirante con máis puntuación acredita estar en posesión do título esixido, non se realiza a proba.

Á vista dos resultados, a comisión seleccionadora realiza a proposta de contratación a favor da candidata MARIA JESUS RIVAS MOSCOSO

O Presidente dá por terminada a reunión ás 14:30 horas.

CONCELLO DE SANTISO (A Coruña)